Resolve este encrucillado, composto por estranxeirismos con acento gráfico. Dámosche as vogais acentuadas como axuda.




- Conforme a un modelo ou padrón común.
- Peza de vestir masculina de chaqueta e pantalón que se emprega en festas e actos sociais máis ou menos solemnes.
- No deporte do esquí, carreira en descenso na que os esquiadores deben pasar obrigatoriamente, en zigzag, por uns espazos chamados portas.
- Tipo de motor de combustión.
- Membro dun grupo de malfeitores, xeralmente armados, que cometen delitos.
- Utensilio en forma de «v» que, lanzado con movemento xiratorio, volve ao lugar de partida.
- Merenda campestre, xeralmente nunha viaxe ou excursión.
- Aquilo que non se pode tocar ou do que non se pode falar.
- Categoría deportiva para rapaces con idades comprendidas, aproximadamente, entre os 17 e os 20 anos.
- Local público onde se representan espectáculos musicais ou de baile e os clientes poden tomar bebidas, cear, bailar...

— Completa as seguintes oracións coas palabras do encrucillado anterior. Coida a acentuación gráfica.

- Xa temos todo listo para o ..................... : a tortilla de patacas, a neveira portátil, o mantel...
- Aquel vello bosquimán australiano é un experto no lanzamento de ..................... .
- Estou moi contento co meu coche de motor ..................... : consome moi pouco.
- O que máis me gustou do ..................... ao que asistimos onte foi o ambiente e a música.
- Aquela película policial trataba sobre a vida dun célebre ..................... norteamericano.
- Xoán alugou un ..................... para asistir á cea de gala na residencia do embaixador.
- As probas que me fixeron na óptica son as propias dunha revisión ocular ..................... .
- A esquiadora suíza Sonia Nef foi terceira na proba de ..................... .
- Non fales do cancro na casa de Anxo: ese é un tema ..................... .
- O noso equipo de baloncesto quedou subcampión provincial na categoría ..................... .

LIVEWORKSHEETS